

ACORDO DE COLABORACIÓN PARA INSTALACIÓN PARA GRABACION AUDIOVISUAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 28 de abril de 2021 coa produtora PROYECTO EMPERADOR, A.I.E o acordo arriba referido por unha duración necesaria para a creación dun set de rodaxe e grabación audiovisual da escena dun filme na Cidade da Cultura de Galicia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración para a grabación dunha escena dun filme na Cidade da Cultura de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en



Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.[...]*
- b) *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.”*

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia está intimamente ligada ao fomento das Industrias Culturais. O audiovisual é unha das áreas máis dinámicas do sector cultural en Galicia, sendo precisamente a dinamización do sector cultural galego un dos obxectivos prioritarios da Cidade da Cultura. Precisamente, entre as súas institucións residencias no Gaiás, atópase a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), organismo que vehicula as políticas da Xunta no que respecta ao audiovisual.



Igualmente, como entidade adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, participa dos obxectivos previstos por dita Consellería no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

Pola súa banda, a empresa PROYECTO EMPERADOR, A.I.E está adicada á produción de longametraxes, ofece á Cidade da Cultura de Galicia a posibilidade de promoción, como equipamento cultural singular, derivada da súa aparición nunha produción audiovisual dirixida a público xeral en España e, eventualmente, no estranxeiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

